

# RUMI

Follas de notificación  
de risco e maltrato infantil desde o

ÁMBITO  
**POLICIAL**

**REXISTRO UNIFICADO DE MALTRATO INFANTIL**

XUNTA DE GALICIA

**FOLLA DE NOTIFICACIÓN DE RISCO E MALTRATO INFANTIL  
DESDE O ÁMBITO POLICIAL**

Para unha explicación detallada dos indicadores, ver ao dorso

Sospeita	<input type="radio"/>
Maltrato	<input type="radio"/>

**MALTRATO FÍSICO** <sup>1</sup>

<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Mazaduras ou hematomas <sup>2</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Queimaduras <sup>3</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Fracturas óseas <sup>4</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Feridas, rabuños ou raspaduras <sup>5</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Mordedelas humanas <sup>6</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Síntomas de intoxicación por fármacos <sup>7</sup>

**NEGLIXENCIA** <sup>8</sup>

<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Comportamentos agresivos e violentos nas aulas contra profesores ou alumnos <sup>9</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Actos de vandalismo, racismo ou xenofobia <sup>10</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Deambular pola rúa en horas de colexio e fóra deste horario, especialmente de noite <sup>11</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Escasa hixiene <sup>12</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Roupa inadecuada para as condicións climáticas <sup>13</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Intoxicación etílica e consumo de alcohol <sup>14</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Síndrome de abstinencia e consumo de drogas <sup>15</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Fugas de domicilio <sup>16</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Explotación laboral <sup>17</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Mendicidade <sup>18</sup>

**MALTRATO EMOCIONAL**<sup>19</sup>

<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Intento de suicidio <sup>20</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Choro inxustificado <sup>21</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Tristura, depresión, apatía <sup>22</sup>
<input type="radio"/> L <input type="radio"/> M <input type="radio"/> G	Manifestacións de infelicidade no fogar <sup>23</sup>

**ABUSO SEXUAL** <sup>24</sup>

<input type="radio"/> O	Manifestacións de abuso sexual <sup>25</sup>
<input type="radio"/> O	Dores abdominais ou sangrado de xenitais <sup>26</sup>
<input type="radio"/> O	Roupas resgadas, manchadas ou ensanguentadas <sup>27</sup>
<input type="radio"/> O	Uso de vocabulario impropio da idade <sup>28</sup>
<input type="radio"/> O	Comportamentos sexuais impropios da idade <sup>29</sup>
<input type="radio"/> O	Masturbación compulsiva ou en público <sup>30</sup>
<input type="radio"/> O	Prostitución infantil <sup>31</sup>
<input type="radio"/> O	Uso de menores en espectáculos públicos de carácter exhibicionista ou pornográfico <sup>32</sup>
<input type="radio"/> O	Imaxes de pornografía infantil, tenza de pornografía ou exhibición de pornografía a menores <sup>33</sup>

**Comentarios**

--

**IDENTIFICACIÓN DO CASO (Risque ou encha o que proceda)**

<b>Identificación do neno</b>										
Apelido 1º	<input type="text"/>	Apelido 2º	<input type="text"/>	Nome	<input type="text"/>					
Sexo	<input type="checkbox"/> V <input type="checkbox"/> F	Nacionalidade	<input type="text"/>	Data de nacemento	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Localidade	<input type="text"/>	Data de Notificación	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>Identificador do notificador</b>										
Policia	<input type="checkbox"/> Nacional	<input type="checkbox"/> GRUME	<input type="checkbox"/> G. Civil	<input type="checkbox"/> EMUME	<input type="checkbox"/> Local	<input type="checkbox"/> Autonómica	<input type="checkbox"/>	Nº placa	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Centro	<input type="text"/>	Tfno.:	<input type="text"/>							

## Sospeita: Non existen datos obxectivos, só a sospeita, que se deduce dos argumentos non cribles ou contraditorios

**L** (leve): circunstancias que requiren un seguimento,

**M** (moderado): necesita apoio/axuda dos servizos sociais, sanitarios, educativos...

**G** (grave): require a intervención urxente dos servizos sociais.

1. Calquera acto, non accidental, que provoque dano físico ou enfermidade no neno ou o coloquen en situación de grave risco de padecelo: feridas, hematomas, fracturas, mordecelas, queimaduras, ...
2. Mazaduras ou negróns en diferentes fases de cicatrización, en rostro, labios ou boca, en zonas extensas do torso, costas, nádegas ou coxas, con formas non normais, agrupados ou como sinal ou marco do obxecto co que se inflixiran, en varias áreas diferentes que indica que o neno foi golpeado desde distintas direccións.
3. Queimaduras de puros ou cigarros, que cobren toda a superficie das mans (en luva) ou dos pés (como un calcetín) ou queimaduras en forma de chula en nádegas, xenitais, indicativas de inmersión en líquido quente. Queimaduras nos brazos, nas pernas, no colo ou no torso provocadas por estar atado fortemente con cordas; con obxectos que deixan sinal claramente definido (grella, ferro de pasar etc.).
4. Fracturas no cráneo, no nariz ou na mandíbula. Fracturas en espiral dos ósos longos (brazos ou pernas), en diversas fases de cicatrización. Fracturas múltiples. Calquera fractura nun neno menor de 2 anos.
5. Feridas ou raspaduras na boca, nos labios, nas enxivas ou ollos. Nos xenitais externos, na parte posterior dos brazos, nas pernas ou no torso.
6. Sinais de mordecelas humanas, especialmente cando parecen ser dun adulto (máis de 3 cm. de separación entre as pegadas dos caninos) ou son recorrentes.
7. Intoxicación forzada do neno por inxestión ou administración de fármacos, feces ou venenos.
8. Desatender as necesidades do neno e os deberes de garda e protección ou coidado inadecuado do neno.
9. Refírense comportamentos violentos do menor cos seus iguais, condutas de provocación, agresións, etc.
10. Brutalidade, falta de civismo. Xustifican/participan en situacións de segregación, discriminación e/ou exterminio en función de criterios raciais, odio -repugnancia cara aos estranxeiros.
11. Todos aqueles sen escolarizar cando deberían estarlo.
12. Constantemente sucio. Escasa hixiene. Parasitos (pioellos,...).
13. Inadecuadamente vestido para o clima ou a estación. Lesións por exposición excesiva ao sol ou ao frío (queimadura solar, conxelación das partes acras). Leva a roupa sucia, rota e inadecuada e desprende mal olor.
14. Consume alcohol con menores de 16 anos. Presenta olor a alcohol, intoxicación/coma etílico.
15. Síntomas de consumo de drogas, inhala colas ou disolventes.
16. Como consecuencia das agresións ou por falta de coidados/supervisión prodúcese o abandono do fogar, escapou de casa.
17. O/a neno/a realiza con carácter obrigatorio traballos (sexan ou non domésticos) que exceden do límite do habitual, impropios da súa idade, que deberían ser realizados por adultos e que interfiren de xeito claro as súas actividades e necesidades escolares.
18. Inclúe a nenos/as que acompañan a adultos que «piden» ou vendedores en semáforos.
19. O adulto responsable da tutoría actúa, priva ou provoca de xeito crónico sentimentos negativos para a autoestima do neno. Inclúe menosprezo continuo, desvalorización, insultos, intimidación e discriminación, ameazas, corrupción, interrupción ou prohibición das relacións sociais de xeito continuo. Temor ao adulto. Atraso do crecemento sen causa orgánica xustificable. Sobreprotección.
20. Suicidios/intentos de suicidio relacionados con situacións de maltrato, negligencia e abuso sexual.
21. Menores que de forma espontánea e sen motivo presentan choro.
22. Manifestacións emocionais que afectan o estado emocional do/a neno/a e/ou requiren de atención psicolóxico - psiquiátrica.
23. O/a menor refire situacións de violencia familiar e problemas de relación.
24. Abuso sexual: implicación de nenos/as en actividades sexuais, para satisfacer as necesidades dun adulto.
25. Menores que refiren ser obxecto de abusos sexuais: tocamentos, proposicións, actos sexuais...
26. Presenta dores abdominais sen especificar, queixase de molestias/sangrado na súa área xenital - anal sen causas aparentes.
27. Presenta signos de agresión sexual.
28. Utiliza expresións sexuais inadecuadas para a súa idade.
29. Manifesta coñecementos sexuais estraños, sofisticados ou pouco comúns. Mostra excesiva preocupación polo sexo.
30. Práctica xogos de carácter sexual anormais para a súa idade. Manifesta condutas de sedución con adultos do sexo oposto.
31. Presenta condutas sexuais inadecuadas consigo mesmo en público de forma compulsiva.
32. Realiza contactos sexuais a cambio de diñeiro/regalos ou por coaccións/ameazas.
33. Utilización de menores en espectáculos ou actividades de carácter obsceno ou procaz.
34. Manexa material pornográfico. Pornografía infantil a través da internet.

A información contida aquí é confidencial. O obxectivo desta folla é facilitar a detección do maltrato e posibilitar a atención.

A información aquí contida tratarase informaticamente coas garantías que establecen:

- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Directiva 95/46 CE do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de outubro de 1995, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes.
- Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.
- Outras normas de regulación do uso da informática no tratamento de datos persoais.

OS SERVIZOS POLICIAIS:  
**OBSERVATORIO  
PRIVILEXIADO PARA A  
DETECCIÓN DO MALTRATO  
INFANTIL**

O obxectivo e a función primordial que cumpre a policía é encargarse de asegurar o benestar dos cidadáns coa defensa da súa integridade e proporcionarlles seguridade e protección. Os/as nenos/as son o sector de poboación máis vulnerable e desprotexido.

As forzas de orde pública non só interveñen cando os feitos xa se produciron senón que teñen un importante papel na prevención do maltrato infantil a través da identificación e comunicación aos servizos sociais de situacións de risco ao potenciar e participar de xeito activo en actividades comunitarias dirixidas á prevención.

Os axentes de policía no seu traballo implicaranse naqueles casos nos que os e as menores son vítimas de delitos, sobre todo, nos acontecidos dentro do ámbito familiar e que son de difícil detección.

Os axentes de policía xogan un papel fundamental no proceso de detección de casos de maltrato infantil, sempre tendo en conta que a finalidade primeira da intervención é a de protexer ao neno/a, antes mesmo que a de castigar o perpetrador.

**Os axentes de policía:**

- o son os profesionais ou servizos de protección á infancia máis coñecidos pola poboación xeral,

- o son doadamente identificables,
- o normalmente son aos que acoden os profesionais e cidadáns en primeiro lugar,
- o cobertura permanente do seu servizo a disposición dos cidadáns, e poden responder de xeito rápido, case inmediato, a calquera solicitude e en todo momento e
- o colaboran cos servizos sanitarios, sociais, educativos..., en diferentes actuacións.

A intervención das forzas de orde pública - Policía nacional, Policía autonómica, Policía local e Garda Civil - pódese producir para:

- recoller testemuños e probas dirixidas a verificar ou refutar a existencia dun delito ou falta cara a un/unha menor ou falta por parte dun/dunha menor,
- adoptar as medidas de protección/control/sanción e a derivación do caso ao Sistema Xudicial ou de Protección Infantil se é pertinente,
- detectar nenos e nenas que viven en circunstancias familiares e sociais de risco,
- deter menores sen domicilio estable,
- recoller notificacións ou denuncias de cidadáns, profesionais, institucións, pais, menores etc. relativas a nenos e nenas en situación de risco ou desprotección,
- protexer e apoiar os técnicos dos servizos de protección á infancia na execución do procedemento e de medidas administrativas cando hai ou se prevé oposición dos pais ou, no seu caso, trasladar ao/a menor tutelado/a ao centro de destino.

- o A actuación en casos de maltrato infantil das forzas de orde pública en xeral e do GRUME caracterízase pola:
  - intervención puntual, non seguimento dos casos a competencia dos cales asumen os servizos sociais,
  - atención prioritaria e permanente ao/a menor en servizo de vinte e catro horas,
  - traslado a centros sanitarios se existen lesións,
  - retirada do/a menor do contexto familiar e ingreso en centro de acollida de protección ou entrega a un familiar distinto do autor dos malos tratos,
  - investigación do caso de malos tratos: autor, obtención de probas, toma de declaración...e
  - coordinación con outros dispositivos de atención educativa, sanitaria, servizos sociais, xudiciais, asociacións, ONG etc.

Debe existir unha colaboración estreita ademais de co sistema xudicial e os servizos sociais, cos servizos sanitarios, dispositivo escolar...

**ANOTACIÓN A O  
PROTOCOLO DE  
DETECCIÓN DO MALTRATO  
DESDE OS SERVIZOS  
POLICIAIS****1. Obxectivos con  
prioridade**

- 1.1. Detección de situacións de maltrato infantil.
- 1.2. Facilitarlle a comunicación/derivación a entidades responsables.
- 1.3. Posibilitar estimacións de incidencia, estudo de perfís etc., para orientar investigacións, planificacións, etc.

**2. Lugar para cubrir a folla de notificación**

Esta folla de notificación elaborouse para cubrirse desde os centros da Policía nacional, Policía autonómica, Garda Civil e Policía local.

**3. Criterios de elaboración e aplicación**

- 3.1. Para notificar un caso non é necesario ter unha certeza absoluta, senón que é suficiente ter unha sospeita razoable.
- 3.2. A dificultade da detección dos malos tratos condiciona a petición aos profesionais responsables, de valorar unha realidade que probablemente, agás no caso de lesións, a nivel dos profesionais, só se intúe, dado que a súa constatación implica necesariamente medios máis complexos. A cota de subxectividade que implica asumir unha valoración deste tipo suponse que que-

da xustificada pola gravidade da situación obxecto de atención e pola posibilidade de ampliar o número de situacións que, sen etiquetarse como maltrato, poidan requirir intervencións preventivas.

- 3.3. Polo tanto, o proceso para cubrir esta folla de rexistro debe partir da intuición/valoración do profesional relativa á atención que os adultos responsables lles poidan estar a prestar aos/as menores, mentres o/a profesional cobre o correspondente informe. Esta primeira valoración orientará posteriores peticións de información á familia nas que sexa posible enfocar, de forma máis concreta, as dificultades que a familia atopa no coidado e supervisión dos nenos e nenas.
- 3.4. A información contida nesta folla de rexistro intenta non exceder daquela que poida obterse nunha ou, como máximo, dúas entrevistas. Este rexistro, no momento de cubrirse, non esixe a contestación a todos e cada un dos ítems, xa que iso podería implicar unha sobrecarga de traballo e dedicación ao servizo encargado da detección. A adscrición de novas tarefas a servizos xa saturados pode dar lugar á inhibición dos profesionais ante a tarefa solicitada.
- 3.5. Os/as profesionais responsables de cubrir a folla de rexistro deben estar informados/as do destino dos datos contidos neste, co fin de poder informar o usuario da súa valoración acerca da situación de risco e da necesidade de intervención doutros servizos que contan con recursos e medios técnicos máis axeitados.
- 3.6. Se estimamos que o maltrato infantil é un problema complexo, no que ao lado do/a neno/a agredido/a hai



que considerar o adulto agresor, ademais da trama familiar, o ámbito social e cultural en que acontece a interacción..., o enfoque intersectorial é o único posible para planificar as respostas integrais que o tema require. Do anterior despréndese a relevancia da coordinación entre os distintos sectores que interveñen nos casos de maltrato infantil.

- 3.7. Para moitos/as nenos/as que sofren de maltrato, a violencia do abusador transfórmase nunha forma de vida. Crecen pensando e crendo que a xente que manca é parte da vida cotiá; polo tanto este comportamento tórnase «acceptable» e o ciclo do abuso continua cando eles se transforman en pais que abusan dos seus fillos/as e estes dos seus, continuando así o ciclo vicioso por xeracións.
- 3.8. Nalgunhas ocasións poden existir motivos para non informar os pais porque se resistan a aceptar a situación, posible resposta agresiva...; porque poida prexudicar ao/a menor ou poida crear hostilidade dos pais que poida dificultar actuacións futuras de apoio para realizar desde a escola.
- 3.9. Non sempre os responsables van ser os pais e, en definitiva, o que implica a notificación é solicitar os apoios necesarios (axuda) para resolver os problemas que deron lugar a esta situación que lle afecta de forma negativa ao neno/a. É importante aclarar que coa notificación dun caso non só se esta protexendo ao/a menor, senón que se pretende rehabilitar os agresores, intentar que o/a neno/a retorne á súa casa o antes posible e sen perigo e traballar sobre os factores que produciron a inestabilidade familiar. Hai que ter en conta que canto máis tarde se notifique un caso,

máis crónica será a situación e mais graves serán as secuelas, tanto físicas como psíquicas, que sufrirá o/a menor.

- 3.10. A coordinación é unha palabra clave na intervención en casos de maltrato infantil. A realización do traballo POLICIAL e social de forma conxunta é imprescindible para a detección, o diagnóstico e o tratamento dos casos de maltrato infantil e corresponde a cada ámbito profesional encargarse das actividades propias da súa actividade.
- 3.11. Debe realizarse un seguimento posterior do/a neno/a e a súa familia sen limitarse ao tratamento da crise.

**INSTRUCCIÓN  
PARA O USO  
DA FOLLA  
DE NOTIFICACIÓN**

Este instrumento é un cuestionario para a notificación e recollida de información sobre casos de maltrato infantil e abandono. Este cuestionario

non é un instrumento diagnóstico senón unha folla estandarizada de notificación dos casos de maltrato evidente ou de sospeita de maltrato que poidan aparecer nas nosas consultas.

Para utilizar o cuestionario débese riscar cunha «X» todos os síntomas dos que se teña evidencia ou dos que se sospeite a súa presenza, cubrir a ficha de identificación e enviar o cuestionario por correo, Fax, e-mail ou Web.

O cuestionario consta dun inventario de síntomas, un recadro para comentarios, unha lenda explicativa dos síntomas e unha epígrafe de identificación do caso.

O inventario de síntomas analízase por apartados de tipoloxías. Estes son: síntomas de maltrato físico, síntomas de negligencia no trato do menor, síntomas de maltrato emocional e síntomas de abuso sexual. É importante resaltar que os síntomas non son exclusivos entre si. Con frecuencia será necesario utilizar un ou varios indicadores dos distintos apartados de síntomas para perfilar o caso.

A primeira epígrafe para cubrir atópase na esquina superior dereita. Neste recadro débese riscar se se trata dun caso evidente de maltrato ou se só hai a sospeita de que existe maltrato.

Nas lendas atópase unha definición do que é a sospeita.

Os indicadores posúen unha nota aclaratoria, que se indica mediante un número. A aclaración atópase situada na parte posterior do propio cuestionario. É recomendable ler estas notas cando o indicador non resulte evidente. Se existisen outros síntomas ou indicadores non contemplados no listado, deberase facer uso da epígrafe de comentarios e reflectilos alí.

A gravidade indícase riscando a «L» se é leve, a «M» se é moderado e a «G» se é grave. Se só existe a sospeita, deben indicarse os síntomas pertinentes como leves.

Así mesmo, diferenciarase segundo a frecuencia na que se presentan os síntomas: ocasional ou frecuente.

Na epígrafe de maltrato sexual débense riscar aqueles indicadores dos que se teña evidencia ou sospeita da súa presenza. Será frecuente que os indicadores de maltrato sexual aparezan asociados aos síntomas de maltrato emocional.

Se existisen outros síntomas non contemplados na listaxe, deberase facer uso da epígrafe de comentarios e reflectilos alí.

Existe un recadro no que se poden escribir outros síntomas ou indicadores que non aparezan reflectidos no cuestionario orixinal. Tamén é posible reflectir aquí comentarios que poidan ser pertinentes para a aclaración do caso ou sospeitas (por exemplo de tipo biográfico, referentes á credibilidade da historia narrada polo suxeito ou debidas á reiteración de síntomas e visitas) que leven o profesional a comunicar o caso.

Por último, existe unha área dedicada á identificación da persoa que realiza a notificación. É imprescindible cubrir esta epígrafe para que a notificación produza efecto. A información contida nesta e outras epígrafes é confidencial e atópase protexida pola Lei orgánica de 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

A información recollida na epígrafe de identificación da persoa que fai a notificación non se consigna na base de datos do rexistro acumulativo de casos e utilízase exclusivamente para asegurar a veracidade da información contida na notificación.

Cada folla de notificación consta de dúas copias en papel autocopiativo. Unha copia deberá permanecer na historia policial para o seguimento do caso se fose necesario e a outra copia remitirase ao profesional dos servizos sociais.

**IMPORTANTE:** cada notificación debe realizarse nun cuestionario novo, mesmo cando se refira a este caso en datas posteriores á primeira detección.

A eficacia desta folla de notificación depende en boa medida da calidade das notificacións e do esmero con que sexa utilizada e se se cobre de maneira descoidada pode invalidar a notificación do caso. A boa utilización do cuestionario é fundamental para a fiabilidade das respostas e as accións posteriores que poidan ser requiridas.

Para calquera información dirixirse a:

**SUBDIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E MENORES**  
**Servizo de Defensa do Menor**

Tfno.: 981 544 630  
881 999 011  
981 545 661

Fax: 981 957 591

Correo electrónico: [laura.araujo.lopez@xunta.es](mailto:laura.araujo.lopez@xunta.es)  
[jesus.spinola.conde@xunta.es](mailto:jesus.spinola.conde@xunta.es)

<http://vicepresidencia.xunta.es>  
<http://www.benestargaliza.org>

CATEGORÍA	INDICADORES FÍSICOS NO NENO	INDICADORES COMPORTAMENTAIS DO NENO	CONDUTA DO COIDADOR
MALTRATO FÍSICO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Machucaduras ou moratóns: na cara beizos ou boca; en diferentes fases de cicatrización; en zonas extensas do torso, lombo, nádegas ou coxas; con formas non normais, agrupados ou como sinal ou marco do obxecto co que foron infrinxidos; en varias áreas diferentes indicando que o neno foi golpeado dende distintas direccións.</li> <li>- Queimaduras: de puros ou cigarros; quemaduras que cobren tódalas superficies das mans (como un guante) ou dos pes (como un calcetín) ou quemaduras en forma de buñuelo nas nádegas e/ou xeniais, indicativas de meguillamento en líquido quente; quemaduras nos brazos, pernas, colo ou torso, provocadas por estar atado fortemente con cordas; quemaduras con obxectos que deixan un sinal claramente definido (grella, prancha, etc.).</li> <li>- Fracturas: no cranio, nariz ou mandíbula; fracturas en espiral dos osos longos (brazos ou pernas); en diversas fases de cicatrización; fracturas múltiples; calquera fractura nun neno de dous anos.</li> <li>- Feridas ou raspaduras; na boca, beizos, enxivas ou ollos; nos xeniais externos; na parte posterior dos brazos, pernas ou torso.</li> <li>- Lesións abdominais: inchazón do abdome; dor localizada; vómitos constantes.</li> <li>- Sinais de mordeduras humanas (especialmente cando parecen ser dun adulto ou son recorrentes)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cauteloso con respecto ó contacto físico con adultos.</li> <li>- Móstrase aprensivo cando outros nenos choran.</li> <li>- Amosa conductas extremas (ex. Agresividade ou rexeitamento extremos).</li> <li>- Informa que o seu pai/nai causáronlle algunha lesión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Foi obxecto de maltrato na súa infancia.</li> <li>- Utiliza unha disciplina severa, inapropiada para a idade, falta cometida e condición do neno.</li> <li>- Non dá ningunha explicación con respecto á lesión do neno, ou estas son ilóxicas, non convincentes ou contradictorias.</li> <li>- Percibe ó neno de xeito significativamente negativo (p. ex. mírao como algo malo, perverso, un monstro, etc.).</li> <li>- Psicolóxico ou psicópata.</li> <li>- Abusa do alcohol ou outras drogas.</li> <li>- Tenta agocha-la lesión do neno ou protexe-la identidade da persoa responsable daquela.</li> </ul>
ABUSO SEXUAL	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dificultade para andar e sentar.</li> <li>- Roupa interior rachada, manchada ou ensanguentada.</li> <li>- Queixase de dor ou picor na zona xenital.</li> <li>- Contusións ou sangrado nos xenitais externos, zona vexinal ou anal.</li> <li>- Ten a cervix ou a vulva inchadas ou vermellas.</li> <li>- Ten seme na boca, xenitais ou na roupa.</li> <li>- Embarazo (especialmente ó inicio da adolescencia).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Parece reservado, rexeitante ou con fantasías ou condutas infantís. Mesmo pode parecer retrasado.</li> <li>- Ten escasas relacións cos seus compañeiros.</li> <li>- Comete accións delictivas ou escápase.</li> <li>- Manifesta conductas ou coñecementos sexuais estraños, sofisticados ou inusuais.</li> <li>- Di que foi atacado por un pai/coiador</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Extremadamente protector ou celoso do neno.</li> <li>- Alenta ó neno a implicarse en actos sexuais ou prostitución na presenza do coiador.</li> <li>- Sufriu abuso sexual na súa infancia.</li> <li>- Experimenta dificultades no seu matrimonio.</li> <li>- Abuso de drogas ou alcohol.</li> <li>- Está frecuentemente ausente do fogar.</li> </ul>
MALTRATO E ABANDONO EMOCIONAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O maltrato emocional, a miúdo menos perceptible que outras formas de abuso, pode ser indicado polas condutas do neno e do coiador:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Parece excesivamente compracente, pasivo, nada esixente.</li> <li>- É extremadamente agresivo, esixente ou rabioso.</li> <li>- Mostra conductas extremadamente adaptivas, que son ou ben demasiado de adultos (face-lo papel de pai doutros nenos) ou demasiado infantís (ex. artrolarse constantemente, chuparse o polgar, encurrese).</li> <li>- Intentos de suicidio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Culpa ou despreza ó neno.</li> <li>- É frío ou rexeitante.</li> <li>- Nega o amor.</li> <li>- Trata de xeito desigual ós irmáns.</li> <li>- Parece non preocupado polos problemas do neno.</li> <li>- Esixe ó neno moi por encima das súas capacidades físicas, intelectuais ou psicolóxicas.</li> <li>- Tolera tódolos comportamentos do neno sen porlle límite algún.</li> </ul>
ABANDONO FÍSICO OU NEGLIXENCIA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Constantemente sucio, escasa hixiene, fannélico e inapropiadamente vestido.</li> <li>- Constante falta de supervisión, especialmente cando o neno está a realizar accións perigosas ou durante longos períodos de tempo.</li> <li>- Cansazo ou apatía permanentes.</li> <li>- Problemas físicos ou necesidades médicas non atendidas (p. ex. feridas sen curar ou infectadas) ou ausencia de coitados médicos rutineiros necesarios.</li> <li>- É explotado, fáiselle traballar en exceso, non vai á escola.</li> <li>- Foi abandonado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participa en accións delictivas (p. ex. vandalismo, prostitución, drogas, alcohol, etc.)</li> <li>- Píde ou rouba comida.</li> <li>- Raras veces asiste á escola.</li> <li>- Di que non hai ningún que o coide.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Abuso de drogas ou alcohol.</li> <li>- A vida no fogar é caótica.</li> <li>- Mostra evidencias de apatía ou inutilidade.</li> <li>- Está mentalmente enfermo ou ten un baixo nivel intelectual.</li> <li>- Ten unha enfermidade crónica.</li> <li>- Foi obxecto de negligencia na súa infancia.</li> <li>- Fracasa en protexer ó neno de danos.</li> <li>- Incapacidade de control da conduta do neno/a.</li> </ul>